

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CULTURAL OFICINA MEDIA ESPAÑA E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (Agadic), PARA A SÚA INCORPORACIÓN AO PATRONATO DA MESMA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten formalizado coa ***Fundación Cultural Oficina Media España (FCOME)*** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a ***data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018***

Que o instrumento convencional tiña por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre a FCOME e Agadic para promover avances cara a plena consolidación do Subprograma MEDIA da Comisión Europea na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.


Que o instrumento convencional fundaméntouse no seguinte:

O obxectivo do convenio é o establecemento das bases que rexerán a colaboración para a realización conxunta de actividades no marco da actuación como campaña de información sobre o papel do Subprograma MEDIA e as súas liñas de apoio a proxectos culturais para o desenvolvemento rexional, e así, conseguir que as empresas audiovisuais radicadas en Galicia poidan beneficiarse de forma máis eficiente das axudas que Subprograma Media lles ofrece.

A Agadic e a FCOME consideran, pois, vantaxoso para os seus intereses a colaboración no desenvolvemento do Subprograma Media para promover avances na súa consolidación na Comunidade Autónoma de Galicia

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de





novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímose xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

